



Xoves Santo

Queridos irmáns,

Celebramos hoxe solemnemente a memoria da Última Cea, na que se establece a nova Alianza, na que Deus leva a plenitude a realizada con Israel na súa saída de Exipto, por mediación de Moisés, como acabamos de oír.

Maniféstase así, ante todo, a fidelidade e o designio de Deus. El xa fixera Alianza con Abraham e antes, doutro xeito, tamén con Noé. En realidade, a creación mesma significara tamén unha Alianza, nas condicións establecidas en conversación con Adán e Eva.

Desde o inicio móstrase a sabedoría e a bondade do designio divino: todo o que fixo, o mundo, a creación e o home mesmo, era bo. Na súa Alianza ao longo da historia o Señor defenderá sempre esta bondade. E El mesmo desvelarase sempre como un Deus que ama á súa criatura, ao seu Pobo, que o quere como un esposo a unha esposa ou como unha nai ao fillo das súas entrañas. As súas palabras, os seus mandatos e institucións estiveron destinadas sempre ao longo da historia ao ben do seu Pobo, a conducilo á vida e á comunión con El.

Porque nós, desde Adán e Eva, desdeñamos esta relación, escollemos, outros camiños, privilexiamos outras referencias, demos autoridade a outros señores sobre a nosa vida; introducimos divisións, separación e formas de dominio. Incumprimos a encomenda primeira do coidado do mundo e do próximo; esquecemos a lealdade e o amor para con Deus e co irmán.

Deus, con todo, nunca se someteu a esta vontade nosa, sempre buscou novas formas de relación e de unidade. Non aceptou dobregar o seu amor ao noso desamor, permitindo a ruína da súa creación e do home, que o corazón e a vida dos seus fillos quedase dominada pola inxustiza e a morte.

O amor do Señor por nós, os homes, é eterno, non ten medida. El non negará nunca a bondade de todo o creado, e do ser humano –como si fai, en cambio, por soberbia e envexa, o diaño, o inimigo do xénero humano, os fillos das tebras.

Pero o Señor permanece fiel á súa Alianza, mesmo cando nós somos aínda infieis. Non veu condenar, senón a salvar. El ofrécenos o seu Amor e atopa o modo de que o corazón humano lle corresponda plenamente; isto acontece en Xesús en primeiro lugar e, grazas a El, no corazón inmaculado da Virxe María; pero logo tamén no dos discípulos, unidos con El como membros do seu Corpo, que viven da súa vida, do seu Espírito.

Esta é a Alianza nova e eterna que o Señor nos ofrece na Última Cea e realiza na súa Pascua: vir ao noso encontro na nosa necesidade máis profunda –fáltanos Deus, a súa gloria e o seu amor–, mesmo cando non a percibimos, como Pedro; lavarnos da sucidade do camiño, da infidelidade, os erros, miserias e pecados. O lavatorio dos pés expresa o máis íntimo da súa misión, a verdade do amor seu e do Pai, manifesto neste abaixarse humilde á nosa pobreza.

E dános participar do seu Corpo e do seu Sangue, na comunión máis profunda e real, pola que todo o seu é noso e o noso seu. De maneira que se inscriba a súa Lei nos nosos corazóns, que participemos do seu Espírito de vida, cheo de sabedoría, de intelixencia, de fortaleza, de amor radical, de coñecemento de Deus.

Esta é a vitoria do Señor: a vida e a gloria dos seus; a unidade dos irmáns, real xa no tempo a pesar de nosa fragilidade e pecado.

Que a fe, a esperanza e a caridade poida brillar nos nosos corazóns e, por tanto, nesta terra, é obra que fala da potencia do Deus que vence ao mundo; e que fala da grandeza do Amor que habita o corazón de Xesús, das dimensións da súa liberdade e dos froitos do seu sacrificio.



Este é o seu testamento, a súa Alianza, a obra que El nos deixa e encoméndanos: a súa Eucaristía, o don inmenso da súa propia persoa e da súa misión cumprida na entrega plena de si polos irmáns.

Aquí átese para sempre Deus e o home, a graza divina e a fe humana. Aquí a caridade xa non alenta só en Deus, senón tamén no home, e é vida nova vencedora da morte e de todo mal. Un xesto de caridade cubrirá unha multitude de pecados; o xesto do Señor Xesús salvará o mundo enteiro.

Hoxe conmemoramos a Última Cea, a institución do seu memorial perpetuo, da Eucaristía. Esta é a Alianza verdadeira, realizada, perenne, do Señor co seu Pobo. Segue presente, próxima, cotiá; celebrámola no medio das nosas casas, nas nosas parroquias, nos lugares da nosa vida e na nosa historia, durante o ano, cada domingo.

Hoxe contemplamos o seu Amor, a Caridade que era só divina e agora renova o corazón de cada un, que está presente no mundo, como aquel río que saía do costado do Templo –do Señor– e sandaba todo o salobre e fecundaba todo o que tocaba.

E estamos chamados especialmente á fe e ao agradecemento, que se expresa na participación e na adoración da Eucaristía; na obediencia ao Señor, que nos deixou o mandato de amar ao próximo como El o fixera, de lavarnos os pés –axudarnos nas necesidades do corpo e da alma– os uns aos outros, como testemuño ante o mundo enteiro de esperanza viva, de vida nova na fraternidade e a paz.

Alfonso,
Bispo de Lugo